

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO (A  
CORUÑA) CELEBRADO O DÍA 6 DE FEBREIRO DE 2025**

**ASISTENTES**

**ALCALDESA**

Ana M<sup>a</sup> López Fernández

**CONCELLEIROS/AS**

**GRUPO P.P**

Miguel A. Pérez Fraguela

Laura García Ruíz

Alberto Balado Ramonde

**GRUPO PSGA-PSOE**

José M. Alonso Pumar

Jonathan I. Miranda Lucas

M<sup>a</sup> José Fraguela López

**GRUPO BNG:**

Carlos Castro Durán

Pablo Fraguela Casás

Nuria Oliveira Álvarez

**AUSENTE**

Miriam Rodríguez Fernández

**SECRETARIA:**

Alejandra Pardo Vázquez

**INTERVENTORA:**

Ausente

**ORDE DO DIA:**

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día seis de febreiro de dous mil vinte e cinco, reúnen os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia da Alcaldesa, Ana M<sup>a</sup> López Fernández. Asiste a Secretaria da Corporación, Alejandra Pardo Vázquez. O obxecto da reunión é realizar sesión ordinaria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:  
30/12/2024.**

**2.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA  
SESIÓN ORDINARIA: DO 498/2024 DE 27/11/2024 ATA O 29/2025, DE 30/01/2025.**

**3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO POS + 2025**

**4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO POS +ADICIONAL 3/2025**

**5°.- MOCIÓNS**

**6°.- ROGOS E PREGUNTAS.**

.....

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:  
30/12/2024**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en adiante), a Alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións á acta da sesión de 30/12/2024, enviada a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

Non efectuándose observacións, a acta resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes, coa abstención de Miguel A. Pérez Fraguela por non asistir á mesma.

**2.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA  
SESIÓN ORDINARIA: DO 498/2024 DE 27/11/2024 ATA O 29/2025, DE 30/01/2025.**

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros, dáse por enterado dos Decretos de referencia.

### **3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO POS + 2025**

Visto o ditame da CI de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras de data 03/02/2025 que establece:

“Vista a convocatoria do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2025, a CI de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras por unanimidade dos seus membros, emite o seguinte DITAME:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2025” e con cargo á “achega provincial 2024”:

#### **A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:**

	<b>Deputación</b>
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	<b>204.235,98 €</b>
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>204.235,98 €</b>

#### **B ) Financiamento de investimentos:**

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2025</b>	<b>FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO</b>				<b>Orzamento total</b>
	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>		<b>Total Concello</b>	
<b>Denominación da obra ou da subministración</b>		<b>Achega municipal</b>	<b>IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos</b>		

			<i>abastecem. auga potable)</i>		
RENOVACIÓN DE PAVIMENTOS E OUTROS NA RÚA DOUTOR CARREÑO	84.169,98	19.457,00			103626,98
RENOVACIÓN DE SERVIZOS E PAVIMENTOS NA RÚA DOUTOR SONEIRA E NO CRUCE COA RÚA LANDÍN CARRASCO	126.254,97	26.335,17	2.457,59 €		155.047,73
<b>210Subtotal investimentos achega provincial 2025</b>	<b>210.424,95</b>	45792.17	2457,59	48249,76	258.674,71

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

**C) Resumo:**

		<b>Concello</b>				
<b>POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO</b>		<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)</b>	<b>Total concello</b>	<b>Orzamento Total</b>
<b>A- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2025</b>					
	<b>Achega 2024</b>	204.335,98				204.335,98
	<b>Achega 2025</b>	210.424,95	45792.17	2457,59	48249,76	258.674,71

<b>B- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2024</b>					
	<b>Achega 2025</b>					
<b>C- TOTAL</b>	<b>Achega 2024</b>					
	<b>TOTAL</b>	414.760,93	45792.17	2457,59	48249,76	463.010,69

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles</b>  <b>(mínimo do 25% da achega provincial 2025)</b>	<b>(A) Orzamento de contrata</b>	<b>(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)</b>	<b>(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)</b>
<b>EXECUCIÓN DE CERRAMENTO E GRADAS NA PISTA POLIDEPORTIVA MUNICIPAL</b>	96.955,73 €	0	96.955,73 €
<b>TOTAIS</b>	96.955,73	0	96.955,73 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.

- 5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.
- 6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.
- 7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

A Alcaldesa explica que se trae a Pleno a proposta correspondente ao POS + 2025, explicando os dous proxectos que se inclúen, o arranxo das rúas Dr. Soneira e Dr. Carreño, que son actuacións moi necesarias, sobre todo a primeira, para ir eliminando o punto de contaminación na praia da Concha e eliminar os fecais.

Toma a palabra José M. Alonso, comenta que nas comisións informativas se falou que en Dr Soneira se ía facer unha parte, e pregunta se comprobaron se a outra parte se fixo a través dun POS anterior, ao que a Alcaldesa resposta afirmativamente.

Carlos Castro pregunta se no POS complementario se inclúe, igual que outros anos, o pechamento de gradas do polideportivo e a pista azul. A Alcaldesa resposta afirmativamente.

O portavoz do BNG da as grazas á Deputación da Coruña pola axuda concedida, xa que é unha contía espectacular.

José M. Alonso di que están a chequear o proxecto do ano pasado, e pregunta porque este ano se fai o arranxo de Dr Carreño e a segunda metade de Dr. Soneira, non facéndose ésta de forma continua no seu momento, xa que licitar dúas veces a mesma rúa implica dobre traballo, e que tamén hai que pedir os permisos dúas veces, e o resultado é que a adjudicación pode recaer en dúas empresas diferentes. Engade que sería máis eficiente actuar nunha rúa mediante unha licitación única.

A Alcaldesa explica que viron o problema posteriormente, localizándose o de Landín Carrasco coa parte de arriba, e que para solucionalo meteron a obra este ano, xa que o ano pasado non se deron conta. Que é importante seguir actuando para sanear a praia, xa que a rúa Menéndez Pidal xa estaba licitaba e vertía á praia. Engade que na Avda da Constitución que se meteu outro tubo para pluviais, e nas rúas Río das Areas e Horacio Fernández. Di que hai

un estudo feito pola Alcaldesa do BNG sobre o cruce de Balbís, que concluía que era caótico o sistema, e que con isto a ver se se soluciona o tema.

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2025” e con cargo á ”achega provincial 2024”:

**A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:**

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	204.235,98 €
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>204.235,98 €</b>

**B ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2025	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Denominación da obra ou da subministración					
RENOVACIÓN DE PAVIMENTOS E	84.169,98	19.457,00			103626,98

OUTROS NA RÚA DOUTOR CARREÑO					
RENOVACIÓN DE SERVIZOS E PAVIMENTOS NA RÚA DOUTOR SONEIRA E NO CRUCE COA RÚA LANDÍN CARRASCO	126.254,97	26.335,17	2.457,59 €		155.047,73
<b>210Subtotal investimentos achega provincial 2025</b>	<b>210.424,95</b>	45792.17	2457,59	48249,76	258.674,71

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

**C) Resumo:**

POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total	
		Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello		
<b>A- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2025</b>					
	<b>Achega 2024</b>	204.335,98			204.335,98	
<b>B- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2025</b>	210.424,95	45792.17	2457,59	48249,76	258.674,71
	<b>Achega 2024</b>					
	<b>Achega 2025</b>					
	<b>Achega 2024</b>					

	<b>TOTAL</b>	414.760,93	45792.17	2457,59	48249,76	463.010,69
<b>C- TOTAL</b>						

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles</b>  <b>(mínimo do 25% da achega provincial 2025)</b>	<b>(A) Orzamento de contrata</b>	<b>(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)</b>	<b>(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)</b>
EXECUCIÓN DE CERRAMENTO E GRADAS NA PISTA POLIDEPORTIVA MUNICIPAL	96.955,73 €	0	96.955,73 €
<b>TOTAIS</b>	96.955,73	0	96.955,73 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras

Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

#### **4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO POS + ADICIONAL 3/2025**

Visto o ditame da CI de Facenda, Desenvolvemento Local e Empresarial, Mar e Comercio de data 03/02/2025, que establece:

*Vista a convocatoria do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) finalidade que os 76 concellos da provincia que teñen unha débeda coa deputación pola utilización de préstamo provincial nos Plans provinciais 2015 a 2023 poidan reducir a súa débeda.*

*Logo de ver a circular remitida pola Deputación Provincial na que nos comunican que a este Concello ten asignada a cantidade de 74.267,63 € que se deberá destinar á redución da débeda do Concello ca Deputación pola utilización do préstamo provincial dos plans 2015-2023*

*A CI de Facenda, Desenvolvemento Local e Empresarial, Mar e Comercio, por unanimidade dos seus membros, emite o seguinte DITAME:*

*1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 3/2025” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:*

<i>POS +AD3/2025</i>	<i>Redución da débeda do concello coa deputación pola utilización de préstamo provincial dos plans 2015-2023</i>
<i>Achega provincial asignada</i>	<i>74.267,63€</i>

2.- *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*”

A Alcaldesa explica que se trata dun POS que concede a Deputación para ir mermando a débeda do PAI que tiñan os Concellos.

Carlos Castro pregunta canto queda por saldar do préstamo provincial, e a Alcaldesa di que o consultará, que non sabe agora o dato.

José M. Alonso explica que na época da crise a Deputación veu que moitos Concellos da Coruña estaban endebedados e que os bancos poñían unhos intereses moi altos. Que sendo presidente Diego Calvo a Deputación puxo en marcha o PAI, un préstamo no que deixaba os cartos aos Concellos a cero intereses. E agora, como a Deputación non quere que os Concellos devolvan os cartos, aplica esta medida. Indica que faltan 341.000 euros para saldar o préstamo, que era o que preguntaba o portavoz do BNG.

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 3/2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

POS +AD3/2025	Redución da débeda do concello coa deputación pola utilización de préstamo provincial dos plans 2015-2023
Achega provincial asignada	74.267,63€

2.- *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

## **5.- MOCIONS**

**5.1.- MOCION PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG (2025/61, 24/01/2025): CAMBIAR O NOME DA AVENIDA MANUEL FRAGA, A RÚA PRUDENCIO LANDÍN CARRASCO E DO CEIP MANUEL FRAGA, EN CUMPRIMENTO DA LEI DE MEMORIA DEMOCRÁTICA (EXPDTE 2025/X006/000012)**

*Exposición de motivos O artigo 35.2 da Lei de Memoria Democrática (LMD) sinala: “Serán considerados elementos contrarios á memoria democrática as referencias realizadas*

en topónimos, no rueiro ou nas denominacións de centros públicos, da sublevación militar e da Ditadura, dos seus dirixentes, participantes no sistema represivo ou das organizacións que sustentaron a ditadura, e as unidades civís ou militares de colaboración entre o réxime franquista e as potencias do eixo durante a Segunda Guerra Mundial”. O artigo 40 da LMD sinala sobre a revisión de recoñecementos, honores e distincións, “as administracións públicas, no exercicio das súas competencias e segundo os correspondentes procedementos, adoptarán as medidas oportunas para revisar de oficio ou retirar a concesión de recoñecementos, honores e distincións anteriores á entrada en vigor desta lei que resulten manifestamente incompatíbeis cos valores democráticos e os dereitos e liberdades fundamentais, que comporten exaltación ou enalteceamento da sublevación militar, a Guerra ou a Ditadura ou que fosen concedidas con motivo de haber formado parte do aparato de represión da ditadura franquista”. O artigo 1.3 da LMD declara “ilegal o réxime xurdido da contenda militar iniciada co golpe militar do 18 de xullo de 1936”. En consecuencia, serán tamén ilegais todos os cargos nomeados na ditadura franquista como ministros, alcaldes, gobernadores civís etc.. Unha sentenza do Tribunal Supremo de 15 de decembro de 2022 marca xurisprudencia e sinala que para retirar a rúa ou distinción a unha persoa non é necesario demostrar a participación nos tres feitos históricos recollidos na LMD: sublevación militar, guerra civil e ditadura, senón que se considera un acto de exaltación se participou nun deles. A. AVENIDA MANUEL FRAGA Biografía do “Camarada Fraga, servidor do franquismo Un colectivo de 41 presas e presos políticos de Galiza na ditadura, co apoio de 62 historiadoras e 56 entidade de toda Galiza, facían público en decembro de 2018 o manifesto NON QUEREMOS O “CAMARADA FRAGA” COMO FILLO ADOPTIVO, que pode servir como breve biografía do ministro de Franco. Como persoas presas políticas galegas na ditadura, que sufrimos a represión, queremos difundir esta biografía, non autorizada, do “Camarada Fraga” porque despois de 43 anos da morte do ditador Franco asistimos a unha ofensiva das forzas da dereita e ultradereita, todas con raíces franquistas, que poñen en perigo a democracia e as conquistas sociais. Tolerancia cero co franquismo. Ningún ministro de Franco pode seguir mantendo distincións honoríficas polos servizos prestados a unha ditadura criminal, catalogada pola Asemblea das Nacións Unidas en 1946 ao mesmo nivel que a Alemaña nazi ou o fascismo de Mussolini. O ditador Franco sempre estivo moi agradecido ao “Camarada Fraga” (era o tratamento entre os fascistas, como recollía o BOE de 9 de febreiro de 1961) polos servizos prestados á ditadura: “Cesa el 2 camarada Manuel Fraga Iribarne en el cargo de Delegado Nacional de Asociaciones de Falange Española Tradicionalista y de las JONS, agradeciéndole los servicios prestados”. Manuel Fraga tivo unha traxectoria de máis de 35 anos de militancia franquista ou fascista. Afiliouse moi novo a Falanxe, en 1937; militante e delegado de curso do SEU (Sindicato Español Universitario de Falange Española). Ocupou desde 1951 numerosos cargos políticos na ditadura: conselleiro nacional do Movemento (o partido único); cando se constitúe por decreto do “Mando Nacional del Movimiento” de 13 de maio de 1961 a “Estructura y miembros del IX Consejo Nacional de Falange”, figura como Presidente do Instituto de Estudos Políticos e chega así a procurador das Cortes franquistas, cargo que ocupou durante varias lexislaturas; foi tamén membro do Consello de Estado. Esta era a

opinión de José Bergamín, escritor, poeta e dramaturgo, que despois do golpe fascista de 1936 presidiu no exilio a Alianza de Intelectuais Antifascistas: “En mi vida he visto mucha gente con fama de fascista o que quería profesar el fascismo, pero sólo he conocido dos de verdad: uno fue José Calvo Sotelo, la otra es Manuel Fraga”. Para José Manuel Caballero Bonald, escritor e premio Cervantes 2012, “Fraga se convirtió en uno de los máximos secuaces de la camarilla de Franco y sus actuaciones represivas propiciaron durante años la falta de libertades y la persecución de disidentes. Fue en puridad un cómplice de algunos de los asesinatos llevados a cabo en la última década del franquismo”. Dentro da biografía secuestrada de Fraga está a súa simpatía e admiración polas ideas do fascismo e a negación do Holocausto xudío, e asinaba en abril de 1971 con outros significados fascistas un manifesto do Comité Español para a liberación de Rudolf Hess (número dous de Adolf Hitler), que solicitaba a súa liberdade porque estaba no cárcere alemán de Spandau. Xuntamente con outros ministros da ditadura franquista, coñecidos como os “Siete Magníficos”, Fraga promove Alianza Popular (AP), que se convertería en Partido Popular (PP) en 1989. Os medios de comunicación recollían así as raíces franquistas deste partido: «NEOFRANQUISTAS ENTUSIASMADOS CELEBRARON SU PRIMER CONGRESO. Los siete líderes de Alianza Popular anunciaron su federación y el paso hacia un partido único. Gritos de Franco, Franco de 3.000 fervorosos congresistas» (Portada do xornal Diario 16 de 7 de marzo de 1977). Hai moitos exemplos da falta de humanidade de Fraga. Na folga da minería asturiana de 1962 chamou “piojosas” ás mulleres dos mineiros que foron rapadas no cuartel da Garda Civil, golpeadas, humilladas e paseadas polas rúas de Langreo. O “Camarada Fraga” entraba no goberno de Franco en 1962 como ministro de Información e Turismo e foi partícipe e cómplice de toda a política represiva que se aprobaba no Consello de Ministros: fusilamentos, cárceres, campos de concentración, despedimentos, exilio, Tribunal de Orde Público (TOP), graves violacións dos dereitos humanos, expedientes a xornalistas, peche de medios de comunicación e asasinatos de traballadores. Abandona o goberno de Franco en 1969, pero regresa ao Consello de Ministros co último Goberno de Carlos Arias Navarro, sendo vicepresidente para Asuntos de Interior e ministro da Gobernación. Durante o seu mandato neste ministerio, de decembro de 1975 a xullo de 1976, a policía asasinaba a cinco traballadores en Vitoria con motivo dunha folga laboral. No tradicional Vía Crucis que organizaban os Carlistas en Montejurra (Navarra), un grupo de fascistas, dirixidos por un comandante do exército, asasinaba dúas persoas. Fraga participou activamente na política de represión contra o idioma galego e os medios de comunicación. Só no período de abril de 1968 até abril de 1969, Fraga abriu 201 expedientes administrativos que, en aplicación da Lei de Prensa e Imprenta de 1966, culminaron en 118 sancións. Durante os meses previos á concesión do título de Fillo Adoptivo, Fraga sancionaba con cinco multas a La Voz de Galicia pola publicación de artigos de opinión e noticias sobre as folgas de estudantes e multaba con 50.000 pesetas ao subdirector dese xornal, Francisco Pillado Rivadulla, pola publicación o 26 de xullo de 1968 do artigo de Augusto Assía “Sobre el idioma gallego”. Fraga perseguíu 3 especialmente a obra de Castelao, prohibindo a difusión de Sempre en Galiza. Alberto Míguez foi multado con 50.000 pesetas e condenado polo Tribunal de Orden Público (TOP) a seis meses de

cárcere pola publicación en 1965 de “El pensamiento político de Castelao” pola editorial Ruedo Ibérico. Fraga xustificaba a represión e o Estado de Excepción de 24 de xaneiro de 1969 “para luchar contra las acciones minoritarias sistemáticamente dirigidas a alterar la paz española (...) y evitar que se arrastre a la juventud a una orgía de nihilismo y anarquía”. Mantiña excelentes relacións con fascistas e ditadores de todo o mundo como Hugo Banzer de Bolivia ou Pinochet de Chile. Xustificou os crimes dos GAL, manifestándose en 2002 contrario ao esclarecemento dos mesmos e cualificando ese terrorismo de Estado como “Movimiento de Autodefensa”. Despois do fracasado o Golpe de Estado de 1981, manifestaba que os golpistas do 23-F “estaban llenos de buena voluntad”. Fraga sempre recoñeceu os seus servizos á ditadura e no libro de Vázquez Montalbán *Mis almuerzos con gente inquietante* (1984) dicía: “Serví lealmente a Franco. Serví al Estado franquista”. Manuel Fraga nunca manifestou arrepentimento, nin pediu perdón polos crimes do franquismo. Se vivise hoxe sería citado a declarar pola xuíza arxentina María Servini, como outros ministros da ditadura franquista, no marco da Querela Arxentina, por crimes contra a humanidade, que non prescriben. **COMO SERVIDOR DO FRANQUISMO E MINISTRO DUNHA DITADURA CRIMINAL, MANUEL FRAGA NON MERECE RECOÑECIMIENTO SOCIAL, NIN A DISTINCIÓN DE FILLO ADOPTIVO.** Iniciativas para retirar a Manuel Fraga as distincións **CAMBADOS** Con alcaldía de Unidade Galega (1979-1987) cambiaban as rúas franquistas e a de Manuel Fraga Iribarne pasaba a chamarse avenida de Vilariño. As Xuventudes Socialistas de Cambados dicían nun comunicado: “Coa Lei da Memoria Histórica na man impediremos que calquera rúa da nosa vila leve o nome da calquera persoa pertencente á represión da ditadura. E se o concello ten interese en poñerlle a rúas nomes de políticos, propoñémoslle a Pablo Iglesias, Manuel Azaña ou Isaac Díaz Pardo” (*La Voz de Galicia*, 25-1-2012).. Por acordo do Pleno de Cambados, sendo alcaldesa Fátima Abal (PSdeG), o 21 de abril de 2017 retirábase unha escultura que colocara en 2012 o goberno municipal do PP, que é trasladada ao taller do autor Lucas Míguez. A alcaldesa declaraba: “Fraga fue ministro con Franco, y existe una ley de memoria histórica que obliga a la retirada de los elementos franquistas de los espacios públicos. Y Fraga nunca repudió los asesinatos cometidos en esa etapa” (*La Opinión A Coruña*, 22-4-2017) **FERROL** O Pleno de 25 de abril de 2019 acordaba retirar a Manuel Fraga a distinción de Fillo Adoptivo, concedida en 1965, cos votos a favor de Ferrol en Común, PSOE e BNG. Gonzalo Caballero, daquela secretario xeral dos socialistas galegos, apoiaba a decisión dos seus compañeiros/as de partido, sinalando que había que distinguir dúas etapas, a ditadura e a democracia, e que esas distincións de Fillo Adoptivo na etapa da ditadura “teñen todo o rexeitamento” do PSdeG. **CEDEIRA** O pleno de 9 de marzo de 2020 acordaba cambiar o nome da avenida Manuel Fraga, en cumprimento da Lei de Memoria Histórica, que pasa a chamarse *Fraternidade*; e o Pleno de 2 de outubro de 2020 retiraba a distinción de Fillo Adoptivo a Manuel Fraga (concedida en 1967) e aos ministros da Ditadura: José Antonio Girón de Velasco, Pedro Nieto Antúñez, Salvador Moreno Fernández e Gonzalo Fernández de la Mora y Mon, con esta argumentación: “Cómpre facer una revisión a fondo para acabar con todo tipo de distincións (rúas, esculturas, símbolos, fillos adoptivos ou predilectos, medallas, etc) a persoas que colaboraron coa ditadura ou ocuparon postos de responsabilidade na mesma”.

4 Nese pleno o alcalde de Cedeira, Diego Moreda Gil, facía esta intervención: “Imos apoiar esta moción e cremos que é fundamental que todos os vestixios que haxa da represión franquista teñen que ser sacados das rúas e prazas, das fontes e calquera outra simboloxía que poida haber en todos os pobos. Apoiamos o tema da retirada de Fraga Iribarne porque se lle retira como ministro de Franco, non como presidente da Xunta de Galicia”. B. RÚA LANDÍN CARRASCO Prudencio Landín Carrasco ocupou numerosos cargos, sempre ao servizo da ditadura: alcalde de Pontevedra (1957-1959), presidente da Deputación de Pontevedra (1959-1963), procurador nas Cortes franquistas (1957-1963), gobernador civil de Guadalaxara (1963-1964), gobernador civil de Córdoba (1964-1968), gobernador civil da Coruña (1968-1972). Moitos concellos e deputacións retiraron as rúas e distincións a gobernadores civís na ditadura, en aplicación da Lei de Memoria Histórica. A Coruña retiraba en 2009 a distinción de Fillo Adoptivo a Rafael Hierro Martínez, gobernador civil da Coruña (1949-1951) na ditadura, e a José Solís Ruiz, gobernador civil de Pontevedra (1948-1951), cos votos a favor de PSOE e BNG. Cedeira (alcaldía do PSOE) retiraba a distinción de Fillo Adoptivo en 2020 a Julio Muñoz Rodríguez Aguilar, gobernador civil da Coruña (1938-1939), cos votos a favor de PSOE e BNG. Cee cambiaba en 2023 o CIP Eugenio López (gobernador civil de Cuencia) por CEIP Vila de Cee, cos votos a favor, entre outros, de PSdeG e BNG. Madrid retiraba en xuño de 2017 a avenida Conde de Mayalde (José María Finat y Escrivá de Romaní), gobernador civil de Madrid (1939-1940); eliminaba tamén a praza de Carlos Ruíz, gobernador civil de Madrid (1941-1954 cos votos a favor de Ahora Madrid, PSOE e Cs. O pleno de Barcelona de 25 de xaneiro de 2019 (voto a favor, entre outros, de BComú e PSC) retiraba a Medalla de Ouro a Antonio Ibáñez Freire, gobernador civil de Barcelona (1963-1966). A Deputación de Valencia (presidencia do PSPV) retiraba o 18 de xullo de 2016 a Medalla de Ouro da provincia a Jesús Posada Cacho, gobernador civil de Valencia (1960-1962) e pai do expresidente do Congreso Jesús Posada. Málaga retira as distincións de Fillo Predilecto e Medalla da Cidade a José Utrera Molina, gobernador civil de Sevilla (1961-1969). Campillo de Azaba (Salamanca) con alcaldía do PP (maioría absoluta) cambiaba en 2017 a rúa de Enrique Otero Aenlle, nado en Ribadeo e gobernador civil de Lugo e Salamanca (1961-1968). Zamora cambia en 2017 a rúa Carlos Pinilla, gobernador civil de León e Zamora (1938-1940) co voto a favor de IU e PSOE. C. CEIP MANUEL FRAGA O Congreso aprobaba unha Proposición non de Lei sobre a retirada dos símbolos da Ditadura franquista dos edificios públicos do Estado o 3 de novembro de 2004. O deputado socialista Carlos González Serna manifestaba no debate: “En una democracia madura, como la nuestra, no se puede permitir que haya niños y niñas que acudan a diario a centros educativos que llevan por nombre el del Dictador o el de alguno de sus colaboradores”. A Comisión Permanente do Consello Escolar do Estado constataba na súa reunión de 5 de febreiro de 2008 que “en numerosos centros educativos teñen escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas nas súas dependencias, ou a súa propia denominación é unha exaltación persoal ou colectiva da ditadura franquista, que é inaceptable nunha democracia como a nosa”. E en aplicación da Lei da Memoria Histórica, aprobaba unha resolución na que solicitaba ás comunidades autónomas e entidades locais a retirada dos vestixios relativos á Guerra Civil e a Ditadura

franquista dos centros docentes. En aplicación da Lei da Memoria Histórica, o Consello Escolar do Estado aprobaba unha resolución na que solicitaba ás comunidades autónomas e entidades locais a retirada dos vestixios relativos á Guerra Civil e á Ditadura franquista dos centros de ensino e instaba ao ministerio de Educación e Ciencia para que colaborase na elaboración dun catálogo estatal no que figurasen os nomes e símbolos que aínda perduran desa etapa. 5 No caso dos centros de educación infantil e primaria (CEIP) a iniciativa para propor o cambio do nome, que sexa unha exaltación persoal da ditadura franquista, premien os servizos á ditadura en postos de responsabilidade pública ou a participación no exército sublevado, corresponde ao Consello Escolar do centro; posteriormente debe ser aprobado polo Pleno municipal e, finalmente, pola Consellería de Educación da Xunta. Nomes de centro de ensino cambiados Ferrol. Cambiaba o nome do CEIP Ibáñez Martín, ministro na ditadura, por CEIP Recimil. E o IES Marqués de Suanzes (Juan Antonio Suanzes foi ministro na ditadura), por IES Ferrolterra. A Coruña. A consellería de Educación –cando a Xunta era presidida por Manuel Fraga– cambiaba o nome de IES Diego Delicado (presidente da Deputación da Coruña na Ditadura) por IES Urbano Lugo. Tamén cambiaron o nome do IES Calvo Sotelo (ministro na Ditadura de Primo de Rivera) por Rosalía Mera (Pleno da Deputación do 26-10-2018, sen ningún voto en contra). A iniciativa do consello escolar, o Pleno do concello da Coruña aprobaba o cambio de nome do CEIP Montel Touzet (“tres caídos en los frentes de batalla en defensa de Dios y de la Patria”) por CEIP Cidade Vella, e o CEIP Sanjurjo de Carricarte por CEIP Torre de Hércules en 2023. Pontevedra. O Ministerio de Defensa, a instancia da CIG-Ensino, cambiaba en 2021 o nome do Colexio Salvador Moreno de Educación Infantil, Primaria e Ensino Secundario Obrigatorio (Salvador Moreno Fernández foi ministro na ditadura). Marín. Cambiaba en 2008 (alcaldía do PSOE) o nome do IES Salvador Moreno por Illa de Tambo. Logroño, alcaldía do PSOE, cambiaba en 2021 o nome do CEIP Juan Yagüe, ministro na ditadura, por CEIP Ana María Matute. Paterna (Valencia), alcaldía do PSOE, cambiaba en 2028 o nome do CEIP Villar Palasí, ministro da ditadura, por Clara Campoamor. Sevilla, alcaldía do PSOE, cambiaba en 2028 o nome do CEIP Benjumea Burín, ministro da ditadura, e retiráballe tamén a rúa. Por todos estes motivos e en aplicación da Lei de Memoria Democrática, o Pleno da Corporación de Cariño toma os seguintes

#### Acordos

1. Cambiar o nome da Avenida de Manuel Fraga e rúa Landín Carrasco.
2. Instar á Alcaldesa a que comunique á comunidade educativa do CEIP Manuel Fraga a opinión favorable do Pleno da Corporación de Cariño para o cambio de nome do colexio para que sexa estudada polo consello escolar e, se o estima necesario, propoñer un nome alternativo, o que permitiría a súa aprobación polo Pleno e o seu posterior envío do acordo á Consellería de Educación da Xunta.

Carlos Castro le a moción presentada polo seu grupo.

A Alcaldesa di que xa trouxeron esta proposta outra vez, e que o seu grupo se vai abster, e o que se acorde se trasladará tamén ao colexio.

José M. Alonso comenta que esta moción se trouxo a pleno outra vez, pero que naquel momento non puido aprobarse. Di que eles van votar a favor, e indicando que deberían traer a pleno, unha vez aprobado o asunto, nomes alternativos e se é posible, consensuados, nomes nos que a xente poida verse reflexada e sobre todo que teñan un carácter democrático.

A continuación explica que eles teñen unha emenda á moción presentada polo BNG.

De conformidade co disposto no artigo 97.5 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Alcaldía admite dicha emenda, indicando que a moción incorpore finalmente a mesma.

**EMENDA DE ADICIÓN Á MOCIÓN DO BNG PARA CAMBIAR O NOME DA AVENIDA MANUEL FRAGA, A RÚA PRUDENCIO LANDÍN CARRASCO E DO CEIP MANUEL FRAGA, EN CUMPRIMENTO DA LEI DE MEMORIA DEMOCRÁTICA.**

*O Grupo Municipal Socialista no Concello de Cariño propón engadir un terceiro punto ao apartado de acordos da moción presentada polo BNG. O texto sería o seguinte:*

**3. Crear o Consello de Memoria Democrática do Concello de Cariño.**

*O Consello da Memoria Democrática do Concello de Cariño é un ente consultivo de ámbito municipal con capacidade para valorar opinións e informará, asesorará a fará propostas non vinculantes ao Concello de Cariño relacionadas coa Lei 20/2022, do 19 de outubro, de Memoria Democrática, para que poidan ser debatidas e votadas, se procede, nos seus plenos municipais.*

*Esta capacidade de proposta e asesoramento afecta aos seguintes cinco obxectivos:*

- 1. Ofrecer asesoramento nos asuntos relacionados coa aplicación no termo municipal da Lei de Memoria Democrática/Histórica.*
- 2. Favorecer a reparación e dignificación dos veciños/as que padeceron calquera tipo de represalia pola ditadura franquista.*
- 3. Favorecer a investigación e difusión dos aspectos e episodios históricos ou sociais do Concello de Cariño que fosen silenciados ou terxiversados pola ditadura franquista. Neste sentido poderá propoñer a creación de grupos de traballo.*
- 4. Ofrecer asesoramento sobre calquera outra iniciativa relacionada cos anteriores apartados e que estea relacionada co espírito da devandita Lei de Memoria Democrática, aínda que sen estar literalmente recollidos nos seus artigos.*
- 5. Recibir e debater propostas de particulares ou entidades relacionadas cos obxectivos deste Consello.*

*Composición do Consello:*

- Presidencia. Re caerá na Alcaldía, que poderá delegar nun concelleiro/a.
- Secretaría. Re caerá na persoa designada pola Alcaldía entre os funcionarios municipais.
- Vogais:
  - Un representante de cada grupo municipal designado polos portavoces do respectivo grupo.
  - Un ou dous representantes por entidade memorialista con recoñecido traballo na comarca e que estea debidamente rexistrada.
  - Polo menos un/ha historiador/a de recoñecido prestixio no ámbito da investigación memorialista na comarca de Ortegal.

*Todos os membros do Consello, agás o Secretario, terán voz e voto nas sesións.*

*Ocasionalmente poderán ser chamadas outras persoas que garden relación cos asuntos a tratar. Estas persoas asistirán con voz pero sen voto. Considérase particularmente relevante convidar a asociacións de veciños, sindicatos ou formacións políticas cunha traxectoria histórica relevante no relativo ós obxectivos do Consello así como a represaliados durante a ditadura ou familiares dos mesmos.*

*No prazo máximo dun mes dende a aprobación da creación do Consello celebrarase a reunión constitutiva do mesmo e aprobarase un regulamento de funcionamento.*

O portavoz do BNG comenta que está de acordo coa emenda, e que queren que a proposta se aprobé estando no pleno a maioría dos representantes dos grupos políticos. Propón que se reunan a Xunta de portavoces para tratar o tema do nome pero que tamén lle parece ben a proposta do grupo socialista.

José M. Alonso insiste que con independencia dos votos cos que a moción saia aprobada, cre que é bo consensuar os nomes entre todos, que se trate de nomes representativos do pobo. Engade que o cambio de nome do colexio que leva un procedemento específico que ten que ver co consello escolar. E que o que se aprobe no pleno que se trata dun mandato que ten que levar o equipo de goberno ao consello escolar do colexio, e que despois as Anpas terán que votar.

A Alcaldesa comenta que todo o mundo ten que participar no cambio de nome.

O Pleno corporativo por seis votos a favor dos grupos municipais do PSdGa e BNG e catro abstencións do grupo municipal do PP

**ACORDA:**

1. Cambiar o nome da Avenida de Manuel Fraga e rúa Landín Carrasco.

2. Instar á Alcaldesa a que comunique á comunidade educativa do CEIP Manuel Fraga a opinión favorable do Pleno da Corporación de Cariño para o cambio de nome do colexio para que sexa estudada polo consello escolar e, se o estima necesario, propoñer un nome alternativo, o que permitiría a súa aprobación polo Pleno e o seu posterior envío do acordo á Consellería de Educación da Xunta.

### 3. Crear o **Consello de Memoria Democrática do Concello de Cariño**.

O **Consello da Memoria Democrática do Concello de Cariño** é un ente consultivo de ámbito municipal con capacidade para valorar opinións e informará, asesorará a fará propostas non vinculantes ao Concello de Cariño relacionadas coa Lei 20/2022, do 19 de outubro, de Memoria Democrática, para que poidan ser debatidas e votadas, se procede, nos seus plenos municipais.

Esta capacidade de proposta e asesoramento afecta aos seguintes cinco obxectivos:

1. Ofrecer asesoramento nos asuntos relacionados coa aplicación no termo municipal da Lei de Memoria Democrática/Histórica.
2. Favorecer a reparación e dignificación dos veciños/as que padeceron calquera tipo de represalia pola ditadura franquista.
3. Favorecer a investigación e difusión dos aspectos e episodios históricos ou sociais do Concello de Cariño que fosen silenciados ou terxiversados pola ditadura franquista. Neste sentido poderá propoñer a creación de grupos de traballo.
4. Ofrecer asesoramento sobre calquera outra iniciativa relacionada cos anteriores apartados e que estea relacionada co espírito da devandita Lei de Memoria Democrática, aínda que sen estar literalmente recollidos nos seus artigos.
5. Recibir e debater propostas de particulares ou entidades relacionadas cos obxectivos deste Consello.

Composición do Consello:

- Presidencia. Re caerá na Alcaldía, que poderá delegar nun concelleiro/a.
- Secretaría. Re caerá na persoa designada pola Alcaldía entre os funcionarios municipais.
- Vogais:
  - Un representante de cada grupo municipal designado polos portavoces do respectivo grupo.
  - Un ou dous representantes por entidade memorialista con recoñecido traballo na comarca e que estea debidamente rexistrada.
  - Polo menos un/ha historiador/a de recoñecido prestixio no ámbito da investigación memorialista na comarca de Ortegal.

Todos os membros do Consello, agás o Secretario, terán voz e voto nas sesións.

Ocasionalmente poderán ser chamadas outras persoas que garden relación cos asuntos a tratar. Estas persoas asistirán con voz pero sen voto. Considérase particularmente relevante convidar a asociacións de veciños, sindicatos ou formacións políticas cunha traxectoria histórica relevante no relativo ós obxectivos do Consello así como a represaliados durante a ditadura ou familiares dos mesmos.

No prazo máximo dun mes dende a aprobación da creación do Consello celebrarase a reunión constitutiva do mesmo e aprobarase un regulamento de funcionamento.

**5.2.- MOCION PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG (2025/66, 27/01/2025): ESTADO DO PATRIMONIO CONSERVEIRO SITUADO EN SOLO PÚBLICO NO CONCELLO DE CARIÑO (EXPTE 2025/X006/000013)**

Le a moción o concelleiro do BNG Pablo Fraguela.

*Exposición de motivos: Cariño a día de hoxe ten un amplo patrimonio de fábricas e outras edificacións vencelladas á súa historia conserveira. Este patrimonio representa unha parte fundamental da memoria colectiva do noso concello e marca a nosa identidade. Porén, actualmente, está sofrendo un proceso de degradación que pon en perigo a súa conservación para as futuras xeracións. Algúns destes bens inmoables de patrimonio conserveiro de Cariño están situados en solo público. Destes podemos destacar os tres máis senlleiros: 1.-A nave da fábrica de conservas La Ártica, situada na avenida da Constitución nº5, consta dunha nave con dúas alturas feita de muros de carga e estrutura de entramado de madeira de eucalipto, o modo tradicional de construción das fábricas en Cariño. Ten o emblema da marca na fachada principal. 2.-A nave da fábrica de conservas El Centauro, situada na avenida da Constitución nº1, consta dunha nave con cuberta en dente de serra sobre unha estrutura de pórticos de formigón armado. 3.-A nave da fábrica de conservas Marujita Canela, situada na rúa Manuel Fraga Iribarne nº4, consta dunha nave mais a vivenda do fabricante. Está construída do xeito tradicional, mediante muros de carga, estrutura interior de madeira e cuberta de lousa. Na fachada lateral ten, escrita coa tipografía da época, o nome da marca. Estes inmoables teñen actualmente titularidade da Xunta de Galiza a través de Portos de Galiza. Aínda que o solo onde se sitúan está en proceso de ser municipalizado, a responsabilidade de conservar en bo estado as edificacións corresponde a Portos de Galiza. Acordo: Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:*

1.- A inclusión das naves de La Ártica, El Centauro e Marujita Canela no novo catálogo do PXOM, como bens inmobles singulares para blindar a súa protección e conservación a nivel legal.

2.- A posta en exposición pública e aprobación do novo catálogo do PXOM.

3.- Que o concello de Cariño solicite á Xunta de Galiza unha informe técnico do estado das naves de La Ártica, El Centauro e Marujita Canela, cun plan de apuntalamiento e arriostramento urxente dos elementos estruturais de ditos inmobles, así como de cubrición temporal das cubertas danadas.

4.- Que o concello de Cariño solicite á Xunta de Galiza un plan de mantemento para as naves de La Ártica, El Centauro e Marujita Canela, onde se faga especial fincapé no mantemento e saneamento das cubertas, para evitar un maior grao de degradación.

A Alcaldesa explica que dende o Concello se fixeron reunións con Portos, solicitándose que se mantiveran esas naves, e que se cederan ao Concello, e que ela está de acordo en que se trata de patrimonio do Concello que hai que conservar.

José M. Alonso di que cómpre darlle un acelerón ao Pepri e ao catálogo, no que se inclúen moitos elementos a protexer que forman parte da historia de Cariño. Indica que é preciso incluír todos estes inmobles no catálogo, xa que non se pode perder o patrimonio do municipio. E que eles sempre votarán a favor de todo aquilo que supoña a conservación dos bens que formen parte da historia de Cariño.

Ana M<sup>a</sup> López cre que se trata de unha boa iniciativa, que é necesario conservar o patrimonio do pobo, e que ela, como delinante, sempre tira máis cara á conservación e non a demolición.

Pablo Fraguela di que a Portos de Galicia lle interesa que esas naves se convirtan en solar antes que ter eses inmobles nese estado. Que cando se devolvan eses inmobles, que teñen que ir en bo estado de conservación, e que non resulta barato conservar os bens. Indica que o porto de Cariño é o que máis volume move para a Xunta de Galicia, e que é unha mina de ouro. E que Portos está a recadar cartos que non revirten no pobo, e que por iso, anima ao Concello a que faga isto.

A Alcaldesa dille que por insistir que non é.

José M. Alonso pon de exemplo o inmovible que se atopa fronte o bar “Marineda”, explica que se quería alugar o solar a algunha cafetería para que montaran unha terraza. Que eles, no seu día, que faláron con Patrimonio, e que lle pararon a obra a Portos, ámbolos dous sendo da Xunta de Galicia. E que por ese motivo, a obra está parada.

Pablo Fraguela engade que non se trata de ir en contra de ningunha cafetería.

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros,

**ACORDA:**

1.- A inclusión das naves de La Ártica, El Centauro e Marujita Canela no novo catálogo do PXOM, como bens inmobles singulares para blindar a súa protección e conservación a nivel legal.

2.- A posta en exposición pública e aprobación do novo catálogo do PXOM.

3.- Que o concello de Cariño solicite á Xunta de Galiza unha informe técnico do estado das naves de La Ártica, El Centauro e Marujita Canela, cun plan de apuntalamento e arriostamento urxente dos elementos estruturais de ditos inmobles, así como de cubrición temporal das cubertas danadas.

4.- Que o concello de Cariño solicite á Xunta de Galiza un plan de mantemento para as naves de La Ártica, El Centauro e Marujita Canela, onde se faga especial fincapé no mantemento e saneamento das cubertas, para evitar un maior grao de degradación.

**5.3.- MOCION PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG (2025/68, 28/01/2025): APOIO Á CELEBRACIÓN DO ANO CASTELAO EN 2025 (EXPDTE 2025/X006/000014).**

Le a moción Carlos Castro.

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS: Podemos afirmar, sen ningún xénero de dúbidas, que Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 30 de xaneiro de 1886 - Bos Aires, 7 de xaneiro de 1950) é a principal figura política e cultural da historia contemporánea de Galiza, unha condición que deriva dunha traxectoria vital guiada pola integridade ética, a loita contra todo tipo de discriminacións e desigualdades, a defensa dos dereitos nacionais de Galiza e a militancia no internacionalismo solidario. Todo o pensamento e a obra de Castelao emana do seu compromiso político e social, que o levou a participar activamente nas principais organizacións do nacionalismo galego, primeiro nas Irmandades da Fala (coa asistencia á I Asemblea Nacionalista de Lugo en 1918) e máis tarde, xa no período republicano, coa fundación do Partido Galeguista (1931). A súa obra literaria e artística destes anos é plenamente consecvente coa toma de posición en defensa do país, da cultura, da lingua e das aspiracións de xustiza e liberdade do pobo galego. Nos anos 20 a súa actividade centrouse no ámbito cultural, con creacións senlleiras como Cousas ou o álbum e a exposición Nós, e mediante a participación en iniciativas como o grupo e revista Nós, o Museo de Pontevedra ou o Seminario de Estudos Galegos. Nos anos 30 asumiu cargos de responsabilidade política no Partido Galeguista e exerceu como deputado nas Cortes da República entre 1931-1933 e a partir de abril de 1936. Neste período centrou grande parte dos seus esforzos na expansión do Partido Galeguista e na campaña polo Estatuto de Autonomía, finalmente aprobado en plebiscito popular o 28 de xuño de 1936. Un Estatuto que non vía como un punto de chegada, senón como o primeiro paso para o desenvolvemento do autogoberno de Galiza. Por este firme e inquebrantábel compromiso co seu país, Castelao tivo que pagar un alto prezo. Primeiro co desterro a Badaxoz (1934-1935) decretado polo goberno dereitista de Lerroux. A partir do golpe de Estado fascista de xullo de 1936, momento no que tomou partido en*

*defensa da legalidade republicana e de Galiza, sufrindo unha persecución implacábel materializada nun expediente de responsabilidades políticas, no espolio da súa casa e dos seus bens, nunha multa de 75.000 pesetas que tivo que pagar a súa familia, e na depuración como funcionario público. A persecución e o asasinato dos principais líderes do nacionalismo e do republicanismo galego, compañeiros e amigos seus, marcou fundamente a Castelao. Por iso, a partir de xullo de 1936 un dos obxectivos centrais da súa vida foi a denuncia dos crimes da Ditadura e a lembranza, dignificación e recuperación do exemplo das vítimas da represión franquista. Dese empeño xurdiu a escolla do 17 de agosto, data do asasinato do seu grande amigo Alexandre Bóveda, como Día dos Mártires Galegos-Día da Galiza Mártir. Deste mesmo compromiso naceron neses anos de guerra e exilio os Álbums da Guerra (Galiza Mártir, Atila en Galiza e Milicianos), as campañas de propaganda na URSS (1938), Estados Unidos e Cuba (1938-1939), e o asentamento definitivo con Virxinia Pereira en Bos Aires a partir de 1940. Malia a derrota e a enfermidade que o consumía pouco a pouco, aínda tivo azos para impulsar a creación da Irmandade Galega (1941), para publicar o libro Sempre en Galiza (1944) e outras obras como Os vellos non deben de namorarse ou As cruces de pedra na Galiza, para promover a fundación do Consello de Galiza (1944), do que foi o primeiro presidente, para pronunciar discursos históricos como o Alba de Gloria (1948), e para defender por todos os medios a aprobación definitiva do Estatuto Galego polas Cortes da República, obxectivo que non chegou a ver realizado plenamente. Toda a súa vida e a súa obra -depositada na súa maior parte do Museo de Pontevedra pola súa vontade e o empeño persoal de Virxinia Pereira-, constitúen un inmenso legado político e cultural que é preciso administrar e divulgar, facendo que os seus ideais se fagan realidade na Galiza de hoxe. Temos a obriga de honrar e celebrar a unha das persoas máis senlleiras da historia de Galiza. Temos a obriga de facelo sendo fieis ao seo pensamento, á súa obra e ao seu compromiso político, que constitúen unha unidade indisolúbel. O primeiro presidente de Galiza foi un demócrata íntegro e exemplar. Todo o que fixo e dixo Castelao, ao longo da súa vida e en todos os lugares do mundo nos que estivo, foi esencialmente política ao servizo da nación e do pobo galego. Como deixou dito Virxinia Pereira “Toda a arte de Castelao, debuxos, conferencias... son esencialmente política”. Inmediatamente despois da súa morte, o franquismo iniciou a construción dunha versión manipulada de Castelao, enalzando o creador e o artista xenial, e atacando, ocultando ou minimizando a súa traxectoria e obra política. Continuar con esta visión distorsionada, convertelo nun mito desprovisto de ideoloxía e de compromiso político, utilízalo como estandarte en contra dos ideais que defendeu, constitúe unha fraude histórica e unha negación do legado inmenso que nos deixou. Cando se veñen de cumprir 80 anos da publicación no exilio de Sempre en Galiza e da fundación do Consello de Galiza, considerado o primeiro goberno galego, e cando se cumpren 75 anos do seu pasamento en Bos Aires, o grupo municipal do BNG do concello de Cariño presenta a seguinte proposta de*

**ACORDO: A Corporación Municipal do concello de Cariño acorda:**

1. Solicitar ao Goberno da Xunta de Galiza o recoñecemento de Castelao como primeiro presidente de Galiza e o Consello de Galiza como o primeiro goberno galego da etapa contemporánea.

2. Apoiar a declaración do 2025 como Ano Castelao.

3. Instar ao goberno municipal a impulsar unha programación municipal propia que poña de relevo a dimensión política de Castelao, o seu compromiso con Galiza, a súa obra artística e literaria, e o seu humanismo e internacionalismo solidario

A Alcaldesa comenta que se trata dunha moción que o Partido Popular presentou no Parlamento, e que o seu grupo vai votar a favor porque se trata da mesma moción.

José M. Alonso comenta que a figura de Castelao está fóra de todo debate, que foi un dos promotores do Estatuto, e que se trata da figura máis polémica de todos os que moveron o Estatuto no ano 1936, e que isto lle custou Castelao todo tipo de vicisitudes. Indica que foi ministro do goberno no exilio, e con figuras como esta non entende que haiba moito debate, porque os feitos son claros.

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros, ACORDA:

1. Solicitar ao Goberno da Xunta de Galiza o recoñecemento de Castelao como primeiro presidente de Galiza e o Consello de Galiza como o primeiro goberno galego da etapa contemporánea.

2. Apoiar a declaración do 2025 como Ano Castelao.

3. Instar ao goberno municipal a impulsar unha programación municipal propia que poña de relevo a dimensión política de Castelao, o seu compromiso con Galiza, a súa obra artística e literaria, e o seu humanismo e internacionalismo solidario

## **6. ROGOS E PREGUNTAS.**

Carlos Castro realiza o seguinte ROGO:

-Que se busque un método de transmisións dos plenos para que chegue ao maior número de xente de maneira directa.

A continuación formula as seguintes PREGUNTAS:

- Pregunta se se vai celebrar o campamento de conciliación de semana santa.

Laura García contesta que para que se celebre vaise poñer un número mínimo de cinco nenos, e que en nadal non se chegou a ese mínimo.

-Comenta que agora que o Concello forma parte da plataforma “Queremos galego”, que esperan o apoio activo para a manifestación convocada por dita plataforma o día de Rosalía de Castro que se vai a celebrar este mes en Santiago.

-Di que lles preocupan os datos das análises da auga de principios de xaneiro que se realizaron na Etap do Castro, xa que o día nove deron cifras malas tanto a turbidez como o níquel e o aluminio. Engade que as mostras do día 16 estaban nun rango aceptable, e pregunta se os arranxos que se fixeron para evitar isto, se están a pleno rendemento ou se se espera facer máis para evitar datos como os da mostra recollida o día nove.

A Alcaldesa resposta que non sabe se se debe a que houbo días con choivas de arrastre potente, e di que unha analítica que deu mal porque no Sinac puxeron mal os datos, pero que inmediatamente se deu conta a Sanidade para indicarlles que os datos se puxeran mal.

Explica que as obras están dando os resultados agardados, e que a maiores, se instalou un filtro de carbono para mellorar a turbidez, pero que en xeral hai que mellorar o abastecemento. Di que a turbidez nalgún momento se debeu á tala de árbores, e que van a tomar medidas contra iso, que queren cambiar a ordenanza e poñer sancións máis grandes aos madeiristas, xa que consideran que as sancións que se están a poñer agora que non son correctivas.

Carlos Castro comenta que lles chamou a atención un decreto onde se poñía unha multa a unha empresa de 3000 euros pero que o desperfecto foi maior.

A Alcaldesa dille que teñen que pagar a multa e a maiores arranxar os desperfectos.

-Pregunta se avanzou a reclamación da garantía do alumeado da zona da Laguna.

Alberto Balado dille que se devolven as que están mal e eles envían unhas novas.

-Di que no último pleno ordinario que se tratou o tema do alumeado no campo de fútbol, e que Laura comentou que estaba intentando falar coa empresa adxudicataria para buscar unha solución e así evitar ir ao xulgado. Pregunta se houbo avances neste tema.

Laura García contesta que van a facer un proxecto novo, xa que hai que cambiar todo, porque os desperfectos pasan ás catro torretas, que a garantía é de 4000 euros pero que non chega, xa que é necesario cambiar esas catro torretas.

-Rogan que se celebre unha reunión para tratar as posibilidades do cambio de céspede no campo de fútbol.

-Di que no anterior pleno a Alcaldesa falaba dun compromiso por parte da Xunta de Galicia para facer un proxecto de arranxo do pavillón municipal, que incluía cambio de pista e cuberta. Pregunta se hai avances na materia.

A Alcaldesa resposta que se saberá algo nestes meses, a principios de marzo ou abril.

-Rogan que se pinte a rúa San Xiao.

A Alcaldesa di que se falou co técnico e que está apalabrado.

-Di que no anterior pleno volveron a preguntar polos refugallos de Mar Cultura, na zona do peirao de Sismundi, e que comentaron que aínda non se puxeran en contacto con Costas para buscar unha solución. Pregunta se nestes dous meses houbo contactos.

A Alcaldesa resposta que aínda non falon con Costas.

-Di que no pleno de abril que estiveron falando da subvención que estaba concedida para infraestruturas por un valor de trinta e dous mil euros e que comentaron que estaba dirixida ao arranxo dos tres parques infantís. Pregunta se hai avances nos arranxos.

Alberto Balado comenta que as pezas están por colocar, que soamente hai que colocalas pero que hai pouco persoal a día de hoxe no Concello.

-Rogan que o Concello se comunique co Obispado de Ferrol-Mondoñedo para ofrecerlles axuda coa retirada das cruces dos caídos, vendo a tardanza da mesma.

A Alcaldesa di que o teñen falado e que o tema está avanzado, que soamente hai que ir quitar as placas.

-Pregunta polos avances na Relación de Postos de Traballo.

A Alcaldesa resposta que están a reunirse cos sindicatos, que se puxo en contacto coa empresa redactora da RPT para facer as modificacións oportunas, e que o seguinte paso e trasladarllas ao persoal.

-Pregunta polas medidas que se van a tomar no SAF, despois do procedemento sancionador adoptado.

A Alcaldesa di que están a traballar no tema, e que van a tomar as medidas que mandou Inspección de Traballo.

Carlos Castro pregunta se as traballadoras que están ao 80% se van a pasar a xornada completa.

Laura García explica que este persoal estabilizou con unha xornada ao 80%, e que se trata de unha decisión política poñelas no orzamento a xornada completa.

-Comenta que reciben queixas do caos que crea o cambio continuo de traballadoras para as propias traballadoras, as persoas usuarias e as familias das mesmas. Pregunta se ven a posibilidade de estabilizar que o número de traballadoras sexa o menos posible.

A Alcaldesa di que está de acordo e que van intentar organizar mellor o servizo, que van na liña de procurar molestar menos ao usuario e que haiba mais ou menos unha estabilidade á hora de mandar xente para a súa casa, que o traballo se ten que facer e que ao final haberá bos resultados.

-Pregunta pola situación do Pepri e demais instrumentos, como a modificación do catálogo do PXOM, o plan especial e o proxecto dos Atallos, así como a modificación do PXOM. Engade que o pasado 9 de xaneiro que a Xunta presentou unha serie de axudas para

mellorar a imaxe exterior dos edificios e que entenden que a aprobación do Pepri e do catálogo facilitaría o acceso a ditas axudas tanto para os veciños como para o propio Concello.

A Alcaldesa responde que isto o leva Urbanismo, que Divina andaba con iso pero que non sabe mais, e que pediron unha axuda para mellorar o aspecto dos lavadoiros.

-Di que houbo expedientes que non se enviaron á Xunta dende o Concello para que se valorara o grao de dependencia de determinados usuarios, e preguntalles se faláron co estas familias.

A Alcaldesa explica que a traballadora social se reuniu con esas familias e que lles tramitou os expedientes por vía urxente, que en algún caso tiveron notificación e que algunha familia veu a falar con ela. Engade que houbo un cambio na traballadora social e que están a traballar para que isto avance, e que agora se está a facer máis áxil.

A continuación José M. Alonso formula as seguintes PREGUNTAS:

- Primeiro comenta que o tema de que se graben os plenos que se faiga cando poidan, pero que é importante que se suban as actas do pleno á web.

-Tamén pide que se actualice a web do Concello, xa que aparecen concelleiros que xa non están, e non se corresponde coa realidade.

-Con respecto ás talas e arrastres, explica que non se trata de demonizar ningunha actividade económica, pero que hai que ter coidado coa sensibilidade das empresas con respecto ao patrimonio dos veciños. Di que está ben que modifiquen as ordenanzas e que aprobarán os cambios.

Engade que unha confusión de varias cousas, que se fala das fianzas e multas, e que son cousas diferentes, xa que unha cousa é a obrigatoriedade de arranxar e outra cousa é pagar a multa, e que no Concello houbo multas de máis de 3000 euros por talas mal feitas.

-Insiste no pintado da rúa San Xiao, e preguntan se pediron un informe de viabilidade de tráfico.

Alberto Balado comenta que Igor fixo un proxecto.

José M. Alonso insiste en que é importante ter un informe de viabilidade de tráfico.

José M. Alonso di que viron que houbo un problema cos pasos canadienses e a asociación de montes.

Alberto Balado comenta que a comunidade de montes que meteu tubos de 12 metros e que a empresa que os serve que di que van a tardar un pouco, que os tubos levan alí dúas semanas pero que polo mal tempo que non se poñen.

-Di que o Concilia de Nadal que se suspendeu por non haber un mínimo de nenos, e que no pleno anterior comentaron que unha empresa pedía os datos á xente con 24 horas de antelación, e que iso ao mellor é o motivo para que a xente non se anotara.

-José M. Alonso di que solicitaron unha axuda á Deputación para servizos sociais, no que se inclúe gastos de persoal, horas do Saf ou unha educadora familiar. Comenta que estes días saíu a subvención e que non se concedeu para a educadora familiar, pregunta que pasou.

Laura García di que non o sabe, que ten que consúltalo.

-Pregunta José M. Alonso se asinou o decreto de ampliación de horario para a hostalería durante o ano 2025, e a Alcaldesa resposta negativamente.

José M. Alonso dille que sería bo que o faga, porque ven o Entroido, e que eles facían un acordo cada ano.

Laura dille que eles o fixeron noutras ocasións.

José M. Alonso di que con respecto ás axudas ás asociacións, que algunha asociación lles pediron que se modificaran as bases, e que lles comentan que se subvencionen tamén os investimentos. Engade que a Lei de procedemento administrativo que lles obriga a comunicarse electrónicamente coa Administración e que se non poden mercar un ordenador a través da subvención, que resulta difícil. Tamén di que está ben facer de vez en cando charlas coas asociacións para fomentar o tema da dixitalización.

-José M. Alonso que lles trasladan queixas pola rotación da bolsa de horas do Saf, e pregunta que pasou.

Laura García di que están a xestionar a eliminación da bolsa de horas, e que se está a aplicar de forma progresiva, e que a empresa está facendo as substitucións.

-Pregunta José M. Alonso se é certo que a traballadora social dimitiu da súa praza, e a Alcaldesa resposta que renunciou con carácter definitivo. Explica que polas súas condicións que agora mesmo non se vía nese traballo, que o comunicou e que finalmente tomou a decisión de renunciar.

-Pregunta José M. Alonso se se cubre a praza coa bolsa e a Alcaldesa resposta que si.

-Pregunta José M. Alonso por un reparo das facturas do Pai, e pregunta se está fóra de contrato.

Laura resposta que si.

-Pregunta Alonso Pumar se teñen idea de cantas persoas se van a xubilar no 2025 e que van facer con esas prazas.

A Alcaldesa dille que unha persoa no almacén.

-José M. Alonso comenta que Alberto dixo que se andaba escaso de persoal, e engade que hai un montón de bancos no paseo marítimo destruídos, e que non hai persoal suficiente

para traballar. Di que a culpa non é do que o vai a reparar senón de quen o destroza, pide que se arranxen en canto se poida.

-José M. Alonso di que fixeron unha modificación de crédito por 250000 euros, e dilles que efectivamente se podían incorporar os cartos.

-Di que hai un panel informativo roto no cruce da piscina, na Laguna, e tamén un espello roto en Murela e outro na Pedra.

Alberto Balado di que arranxou un con permiso do dono.

José M. Alonso pregunta dende cando o Concello pon espellos nas saídas dos particulares, engadindo que o Concello ten que poñelos en vía pública e non en saídas dos particulares, dilles que teñan coidado con iso.

-José M. Alonso pregunta se hai informe con respecto aos bolardos que puxeron na porta da Pulida.

Alberto Balado dille que non.

Di José M. Alonso que é importante ter informe, xa que se alguén choca con un bolardo e pide responsabilidade ao Concello que paga o Concello.

-Pregunta José M. Alonso se puxeron o cartel no Cravadoiro, e Alberto Balado dille que non.

-José M. Alonso di que se intente resolver o tema de Mar Cultura, que se extinguiu a concesión, e que xa pasaron os anos. Engade que hai que lidiar con coidado con esa persoa.

-Roga que avancen no Pxom e no Pepri, xa que hai moitas axudas ás que poden acollerse os veciños.

-José M. Alonso pregúntalle á Alcaldesa se se reuniu co presidente da Deputación.

A Alcaldesa di que esta semana o chamaron e que comprobaron que pediron cita e que non van a tardar en darlles unha nova cita.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as vinte e unha horas e vinte e sete minutos.

A Alcaldesa  
Asdo:- Ana M<sup>a</sup> Fernández López

A Secretaria  
Asdo.- Alejandra Pardo Vázquez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

